BITeB

Boletín Informativo de Traballo e Benestar




Consellería de Traballo e Benestar - novembro 2013, n.º 90




## Os orzamentos da Xunta para 2014 aumentan o Fondo de Crecemento nun 7% e a política social, que recibirá case 8 de cada 10 euros o próximo exercicio

## A Xunta asina un protocolo con 7 entidades financeiras para a prevención de desafiuzamentos no marco do programa 'Reconduce'



- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e a de Facenda, Elena Muñoz, asinaron este acordo
- O obxectivo do Reconduce é evitar que se produzan procesos de execución hipotecaria, a través principalmente do asesoramento xurídico e económico-financeiro
- Traballarase coas familias e coas entidades financeiras na procura de acordos de reestruturación da débeda, e manterase un proceso de comunicación e seguimento continuo destes casos.

## Galicia, Asturias, Aragón e Castela e León solicitan ao Estado que as variables de poboación teñan maior peso no financiamento autonómico

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou en Oviedo nunha xuntanza na que as catro comunidades impulsaron unha declaración conxunta para buscar solucións a medio e longo prazo
- O envellecemento, a dispersión e a baixa densidade da poboación requiren dun maior custo á hora de prestar servizos esenciais como a educación, sanidade ou atención social
- Piden tamén ao Goberno estatal que deseñe unha estratexia nacional fronte á crise demográfica
- Demandan á Unión Europea que ofreza apoio, no marco orzamentario 2014-2020, ás iniciativas das rexións europeas contra o declive poboacional
- É a primeira vez que catro comunidades propoñen unha resposta conxunta nesta materia

### Informe do paro rexistrado

## Galicia rexistrou en outubro un total de 268.225 persoas desempregadas

- Con todo, é a subida máis moderada en termos relativos nun mes de outubro desde 1998
- Por cuarto mes consecutivo, o incremento interanual do paro sitúase por debaixo do 1 por cento, sendo a mellor taxa desde 2007

Sumario


| | | | |
|---|---|---|---|
| Orzamentos | 2-5 | Política social | 10-13 |
| Formación e emprego | 6-7 | Xuventude e voluntariado | 14-15 |
| Informe do paro rexistrado | 7 | Publicacións | 16 |
| Traballo e economía social | 8-9 | Normativa | 17-22 |


Créditos

Edita: Consellería de Traballo e Benestar
Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas
Coordinación: Pepa Dabán Royo
Maquetación: Antonio Lameiro Ces
ISSN: 2254-7835

## A Xunta destinará 8 millóns á planificación tecnolóxica dos servizos sociais públicos, co obxectivo de contar cunha historia social única e compatible coa sanitaria

# Os orzamentos da Xunta para 2014 aumentan o Fondo de Crecemento nun 7% e a política social, que recibirá case 8 de cada 10 euros o próximo exercicio

- As contas prevén por primeira vez rematar o exercicio con crecemento económico e con redución dos niveis de desemprego
- Dan continuidade á aposta da Xunta polas rebaixas de impostos para quen máis o precisa, ao confirmar a redución do IRPF para 7 de cada 10 galegos, incremento das deducións para as familias con fillos e beneficios fiscais para o sector eólico
- A Xunta continuará garantindo en 2014 a solvencia de Galicia, a través da contención do gasto corrente e garantindo o cumprimento dos criterios de déficit
- Os orzamentos apostan por facer posible un crecemento solidario, apoiando aos que máis o precisan e, por iso, malia as restricións orzamentarias, crece o presuposto para a dependencia –o gasto superará os 278 millóns, máis do dobre que en 2009-, para a Risga, para axudas de emerxencia social e para comedores escolares.

**Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2013.-** O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, asegurou que os orzamentos autonómicos para 2014 plasman a aposta do Goberno galego por un "crecemento solidario" xa que incrementan o compromiso coa volta á recuperación, aumentando nun 7 por cento o Fondo para o Crecemento; e ao mesmo tempo aseguran a todo risco os servizos públicos cun 80 por cento dos recursos destinados a política social e respaldan os sectores produtivos e as familias que máis o precisan, enfocando cara eles as novas rebaixas de impostos.

Tras a aprobación no Consello da Xunta do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, Feijóo puxo de manifesto que se trata do orzamento menos restritivo desde que comezou a crise, así como que por primeira vez as contas autonómicas prevén rematar o vindeiro exercicio con crecemento económico, con redución dos niveis de desemprego e dando continuidade á converxencia co resto de España.

Ao seu entender, isto é froito da política rigorosa que se vén practicando desde os últimos cinco anos e, de feito, contrapuxo a estabilidade dos orzamentos para 2014, que se manteñen en niveis moi similares aos do pasado ano, coas caídas de exercicios anteriores, que chegou a alcanzar o 10 por cento en 2011. Consciente disto, a Xunta continuará en 2014 coa aposta ininterrompida pola solvencia de Galicia, de xeito que seguirá avanzando nunha maior eficiencia a través da contención do gasto corrente e garantindo o cumprimento dos criterios de déficit, fixado no 1% o vindeiro ano.

Segundo precisou o presidente, cumprir o déficit e ser solventes permitirá que Galicia poida seguir estando entre as autonomías que mellor paga aos provedores; blindar a súa autonomía financeira para non ter que acudir ao rescate do Estado como están facendo outras comunidades; e avanzar no compromiso de ir reducindo progresivamente a dependencia da débeda.

O titular da Xunta asegurou que facer uns orzamentos realistas non é un exercicio sinxelo en momentos de dificultades pero "é o que hai que facer", xa que ademais de ser necesario para deter os efectos da crise tamén se está demostrando que "é un camiño útil". Así, explicou que elaborar os orzamentos con realismo e con prudencia permite garantir que os orzamentos xeren confianza nos cidadáns dende o punto de vista fiscal, social e económico.

Respecto ao primeiro punto, as contas do próximo ano afondan na política fiscal practicada ao longo de toda a crise. Así, por un lado, increméntanse os esforzos para detectar os que non cumpren coas súas obrigas ao dar continuidade ao Plan contra a fraude fiscal, que xa permitiu recadar arredor de 230 millóns de euros dende 2011 e que o vindeiro ano espera incrementar esa cifra con 50 millóns de euros adicionais. Por outra banda, continúase unha política fiscal selectiva, que ten como obxectivo garantir a sustentabilidade dos servizos públicos e promover unha maior competitividade das familias e dos sectores produtivos.

Con este dobre obxectivo, o Goberno galego ten decidido preservar o transporte de mercadorías e viaxeiros, a pesca e a gandaría, e a calefacción das familias, da homologación do céntimo sanitario ao resto de España, unha decisión encamiñada na súa totalidade a blindar o orzamento para a sanidade pública. Tamén reforza a aposta polas rebaixas de impostos ao máximo posible para seguir sendo, como ata agora, a comunidade que máis reduciu a presión fiscal aos cidadáns a pesar da crise económica con 23 rebaixas de impostos que supoñen 116 millóns de euros.

En materia fiscal o Goberno autonómico márcase para o vindeiro exercicio o triplo obxectivo de beneficiar os que máis o necesitan, incentivar os sectores produtivos da economía galega e reforzar o gasto social na Comunidade.

Deste xeito, a Xunta aproba unha rebaixa do tramo máis baixo do IRPF que beneficiará a sete de cada dez contribuíntes, achegará máis progresividade e permitirá ter máis renda dispoñible aos que menos ingresos teñen. Con esta medida, Galicia converterase -xunto con Estremadura- na comunidade autónoma co tramo de IRPF máis baixo para as bases liquidables de ata 17.700 euros.

Ademais, o Goberno galego aumentará as deducións para favorecer a natalidade e a conciliación familiar e laboral. Tamén incentivará con deducións ao sector das enerxías renovables e facilitará o relevo xeneracional nas empresas, elevando a un ano o período no que as persoas doadoras de empresas individuais, negocios profesionais ou participación de entidades deben deixar de exercer funcións de dirección, e a percepción de remuneracións polo exercicio das devanditas funcións.




http://www.conselleriadefacenda.es/orzamentos2014/

**Crecemento solidario**

O presidente subliñou a aposta dos orzamentos por facer posible un crecemento solidario apoiado en tres aspectos clave. En primeiro lugar, apoiando aos que máis o precisan e, por iso, malia as restricións orzamentarias, crece o orzamento para a dependencia, para a Risga, para axudas de emerxencia social e para comedores escolares. Así, o gasto en dependencia superará os 278 millóns de euros, máis do dobre que en 2009.

En segundo lugar, blindando a todo risco as prestacións públicas esenciais, ás que se destinarán en 2014 case o 80% do total do orzamento. Deste xeito, desde 2009, auméntase en máis de 10 puntos o peso dos recursos destinados aos servizos públicos, e séguese incrementando o peso do gasto social que nunca foi máis amplo en Galicia.

En terceiro lugar, as contas autonómicas encamíñanse a lograr un desenvolvemento común dos cidadáns e dos sectores produtivos. Con este último obxectivo, reflicten o compromiso que a Xunta adquiriu con todos aqueles que queiran investir en Galicia a través da Lei de emprendemento, co obxectivo de mobilizar máis de 50 millóns o vindeiro ano para os emprendedores. Así mesmo, refórzase unha das principais novidades incluída nos orzamentos do pasado ano como foi a creación dun Fondo para o Crecemento.

De xeito concreto, increméntase a dotación cuantitativa de forma importante, que ascende a 412 millóns de euros, un 7% máis que neste exercicio; pero cun aspecto cualitativo máis importante, porque supón seguir priorizando as medidas que respondes aos obxectivos do Plan estratéxico de Galicia, baseados na aposta polo desenvolvemento sostible, pola innovación e pola internacionalización.

# Traballo e Benestar prioriza nos seus orzamentos de 2014 a atención á dependencia, á discapacidade e á inclusión



- A titular do departamento autonómico, Beatriz Mato, compareceu no Parlamento galego para explicar as contas desta área de cara ao próximo ano
- Destacou tamén que se mantén o orzamento destinado a formación, con máis de 63 millóns de euros, e o compromiso con autónomos e emprendedores, con 25 millóns
- A Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) volve aumentar e crece ata os 39,7 millóns de euros, un 21,4 por cento máis que no orzamento de 2013
- A área de dependencia concentra os maiores esforzos, e representa o 56,8 por cento do total do investimento social da Consellería
- A partida dirixida ás persoas con discapacidade increméntase nun 5,8 por cento e fará especial fincapé na procura da inserción social e laboral
- En familia e infancia, a práctica totalidade das medidas previstas enmárcanse no Plan para a dinamización demográfica, entre as que destaca o investimento en escolas infantís de 25,5 millóns.

**Santiago, 31 de outubro de 2013.-** A Consellería de Traballo e Benestar priorizará nas súas contas de 2014 a "protección e salvagarda dos dereitos dos máis vulnerables", polo que incrementará o orzamento en tres eixos esenciais: a dependencia, a discapacidade, e a inclusión. Ademais, apóstase pola conciliación e a revitalización demográfica a través dun importante esforzo de investimento na área de familia e infancia.

Así o expuxo a titular do departamento autonómico, Beatriz Mato, durante a súa comparecencia parlamentaria, durante a que explicou as contas de cara ao próximo ano, tanto no eido social como no laboral.

"Dar resposta a quen máis o precisa" vai seguir sendo un dos principais obxectivos. Para conseguilo, xa se está traballando na carteira de servizos destinados á inclusión que regulará todos os recursos dispoñibles en centros de acollida, comedores sociais... Esta aposta normativa –na que tamén se inclúe a nova Lei de inclusión que se está tramitando- vai estar acompañada dun "importante esforzo" orzamentario, que chegará aos 79 millóns de euros.

Dentro da inclusión, Mato fixo especial fincapé na Renda de integración social de Galicia (RISGA), que contará en 2014 con 39,7 millóns de euros, un 21,4 por cento máis que no orzamento de 2013. "Un incremento que aínda ten máis relevancia se temos en conta que nas contas deste ano xa se tiña aumentado un 38 por cento este programa", concretou.

Ademais, tamén se blindan as axudas de emerxencia social (AES) con 4,5 millóns de euros; a orde de axudas á inclusión, con 3 millóns de euros; e o

*continúa páxina 4*

# Orzamentos

*ven de páxina 3*

complemento das pensións non contributivas (PNC), con 9,5 millóns. Sobre este último aspecto, a conselleira lembrou que só tres autonomías aboan este complemento e que Galicia é a que destina a contía máis elevada a cada pensionista.

A dependencia contará con 278 millóns de euros, un 0,8 por cento máis que este ano e representará o 56,8 por cento do total do investimento social do departamento. Como ata o de agora, seguirase priorizando a prestación de servizos, unha liña de actuación que permitiu a Galicia situarse como a segunda comunidade con maior porcentaxe de servizos de todo o Estado.

Dentro desta partida, a conselleira salientou os 82 millóns para as prazas de maiores (+0,7%); o mantemento do orzamento do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes, con 38 millóns de euros; e o incremento da teleasistencia ata os 1,5 millóns de euros.

A partida para as persoas con discapacidade tamén medrará en 2014 ata os 97,2 millóns de euros, o que supón un incremento do 5,8 por cento. Pero non só aumentará o orzamento na atención, senón que a aposta é a da "integración plena e igualdade real", a través principalmente da inserción laboral. Por iso, os programas de emprego para persoas con discapacidade soben nun 8 por cento, ata os 17,4 millóns de euros.

Na infancia e familia, practicamente todas as medidas se enmarcan no Plan para a dinamización demográfica de Galicia. Blíndase o orzamento das escolas infantís en 25,5 millóns de euros, para manter as 8.600 prazas públicas e continuar avanzando no compromiso de crear 3.500 novas nesta lexislatura. Tamén se incrementa o investimento destinado ao cheque infantil, nun 11 por cento, ata os 1,7 millóns de euros.



Beatriz Mato durante a súa comparecencia parlamentaria

Neste eido, a conselleira lembrou a medida anunciada polo presidente da Xunta que permitirá a exención de prezo público para o segundo fillo matriculado nunha escola infantil pública da rede autonómica destinada a familias con rendas inferiores aos 30.000 euros anuais. Esta novidade vai ligada tamén ao anuncio de elevar ata os 360 euros o incentivo fiscal para familias con fillos menores de 3 anos.

Xa na área de Xuventude, priorizaranse os programas que favorecen a empregabilidade, a participación e a educación non formal como Galeuropa (600.000 euros), destinada a facilitar prácticas laborais en países europeos; ou a campaña de verán.

**Potenciar a empregabilidade**

En 2014 unha das grandes novidades será a creación dunha nova carteira de servizos para o emprego, que permitirá poñer en marcha "máis servizos, de maior calidade, máis accesible e mellor definidos". O obxectivo é aumentar a intermediación e a inserción laboral na rede de oficinas de emprego.

Continuar fomentando a formación porque mellora as oportunidades de acceder a postos de traballo, vai seguir sendo unha prioridade. O orzamento blindarase con 63 millóns de euros, ao igual que en 2013. Practicamente o 100 por cento dos cursos, como este ano, permitirán acceder a un certificado de profesionalidade.

Os contratos de formación dual, nos que a Xunta financia de forma voluntaria e pioneira a parte formativa, seguirán sendo un dos programas destinados a facer fronte ao desemprego xuvenil dos menores de 30 anos.

A conselleira fixo referencia tamén a outras actuacións, como os programas integrados de emprego que contarán con 4 millóns de euros; ou o mantemento do orzamento dos obradoiros de emprego con 9,6 millóns.

Con todo, Mato destacou especialmente o apoio a autónomos e emprendedores con 25 millóns de euros. Dentro desta partida, aumenta o orzamento destinado á promoción do emprego autónomo ata os 17,2 millóns de euros, un 4% máis que en 2013. Isto vai permitir dar continuidade ao apoio á contratación indefinida de traballadores por parte dun autónomo.

En canto a cooperativas, unha fórmula que está demostrando especial resistencia á crise económica, a partida destinada ao fomento desta fórmula empresarial aumentará ata os 2 millóns de euros, un 36 por cento máis.

Neste eido, lembrou que se está a traballar nunha Lei de economía social, o que converterá a Galicia na primeira autonomía en contar cunha norma deste tipo.

En definitiva, rematou Mato, as contas para 2014 darán "maior resposta a aqueles que peor o están a pasar, á vez que se mellora a empregabilidade dos galegos e das galegas. A Consellería non vai renunciar ao seu compromiso número un: as persoas".

## Galicia, Asturias, Aragón e Castela e León solicitan ao Estado que as variables de poboación teñan maior peso no financiamento autonómico

**Oviedo (Asturias), 28 de outubro de 2013.-** Galicia, Asturias, Aragón e Castela e León reuníronse no I Encontro interterritorial polo cambio demográfico co fin de impulsar unha resposta conxunta ante esta situación. As catro comunidades autónomas acordaron, entre outras actuacións, solicitar ao Estado que impulse unha estratexia nacional fronte á perda de poboación e que promova que as variables de poboación pasen a ter maior peso na próxima revisión do modelo de financiamento autonómico.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, asistiu en Oviedo a esta xuntanza, que supón a primeira ocasión na que catro territorios acordan unha resposta conxunta ante o reto demográfico. Esta reunión contou tamén coa presenza do presidente do Principado, Javier Fernández; o conselleiro de Presidencia e portavoz do Goberno de Asturias, Guillermo Martínez; o conselleiro de Política Territorial e Interior de Aragón, Antonio Suárez Oriz; e o responsable de Presidencia e Portavoz da Xunta de Castela e León, José Antonio de Santiago-Juárez.

As catro rexións subscribiron unha declaración conxunta que pretende poñer as bases para impulsar iniciativas que freen a perda de poboación e o envellecemento, e que favorezan a fixación de habitantes. O problema demográfico é supraterritorial, e por iso no documento solicítase a colaboración doutras administracións.

Así, ao Estado pídeselle que valore máis o envellecemento, a baixa densidade ou a dispersión do poboación na revisión do financiamento autonómico, xa que isto terá unha repercusión directa sobre o desenvolvemento de políticas específicas nesta área. Polo tanto, é un obxectivo principal que o Goberno de España recoñeza a crise demográfica destes territorios.

Ademais, a busca de solucións comúns emprendida por estas catro comunidades autónomas é tamén un primeiro paso para promover unha Estratexia española polo cambio demográfico. Trátase dun pacto que debe implicar a todas as institucións públicas: administración estatal, autonómica e local.

Segundo resaltaron, esta estratexia debe ter continuidade no ámbito europeo. Por iso, tamén se demanda á Unión Europea que, no marco orzamentario 2014-2010, ofreza suficiente apoio para aquelas iniciativas das rexións europeas contra o declive poboacional. Cabe recordar que Asturias, Galicia, Aragón e Castela e León levan traballando desde hai tempo en diferentes foros comunitarios con outras rexións de Europa afectadas por esta mesma problemática.

Neste sentido, os catro gobernos acordaron tamén constituír un grupo de traballo permanente con representación destas comunidades autónomas co obxectivo de presentar proxectos conxuntos para facer fronte á crise demográfica no novo marco financeiro europeo 2014-2020.

**Medidas en Galicia**

Pola súa banda, Mato lembrou que o Goberno galego é "plenamente consciente" do problema



demográfico, e por iso ten impulsado de xeito pioneiro o Plan de dinamización demográfica 2013-2016, horizonte 2020, que conta cun total de 69 medidas específicas.

Entre algunhas destas actuacións, a conselleira destacou os beneficios fiscais, que se mellorarán a partir de 2014. "Galicia é unha das comunidades autónomas con maiores incentivos fiscais para o fomento da natalidade. Xunto a Valencia, é a única comunidade autónoma que aplica estes incentivos nos primeiros tres anos de vida dos nenos e nenas", subliñou.

Engadiu que tamén se porán en marcha dúas novas medidas: as casas-niño, para os núcleos fundamentalmente rurais; e o servizo de axuda no fogar para a infancia, dirixido principalmente ás cidades.

Outras medidas pasan por contabilizar os fillos concibidos á hora de conceder axudas ao aluguer ou adquisición dunha vivenda; ou bonificacións adicionais no transporte.

"Só nestas cinco medidas a Xunta vai investir case 90 millóns de euros e suporá un beneficio directo anual para 70.000 familias galegas", asegurou.

Enmarcada nos mesmos obxectivos do Plan demográfico, vaise poñer en marcha tamén unha nova medida que suporá a exención do prezo público para o segundo fillo, e posteriores, que estean matriculados nas escolas públicas da rede autonómica A Galiña Azul. A medida será aplicable para as familias con rendas inferiores aos 30.000 euros.

Para rematar, Mato recordou que Galicia está liderando un proxecto europeo de intercambio de experiencias e prácticas en materia demográfica –o programa Symbios-, no que tamén participan rexións de Irlanda, Países Baixos, Finlandia e Portugal.

http://www.proxectosymbios.eu/



# A Xunta inviste 2,2 millóns para manter a rede de axentes de emprego e desenvolvemento local integrada por 236 traballadores

- O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica esta liña de axudas da Consellería de Traballo e Benestar destinadas ao fomento do emprego
- As subvencións están dirixidas aos concellos para que poidan dispoñer de profesionais cualificados que se constitúan nos dinamizadores do desenvolvemento económico e do emprego nos seus territorios
- Como novidade este ano introdúcense novos criterios para primar os proxectos de xestión compartida e incentivar a fusión municipal
- As entidades locais contarán co prazo dun mes para presentar as súas solicitudes

Santiago, 14 de outubro de 2013.- O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a convocatoria de axudas destinadas á contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local. A Consellería de Traballo e Benestar investirá 2,2 millóns de euros para manter esta rede integrada por 236 traballadores.

En concreto, as subvencións están dirixidas aos concellos co fin de que poidan seguir dispoñendo de profesionais cualificados que se convertan nos dinamizadores do desenvolvemento económico e do emprego nos seus respectivos territorios promovendo, deste xeito, a creación e consolidación de iniciativas emprendedoras. A finalidade principal desta liña de axudas da Consellería de Traballo e Benestar é, sobre todo, reactivar a economía das zonas rurais.

O labor destes traballadores céntrase en potenciar o autoemprego e as empresas de economía social, así como a inserción laboral das persoas desempregadas. Deste xeito, fomentan novas actividades xeradoras de emprego que repercuten na creación de novos postos de traballo e de alternativas de ocupación laboral.

A convocatoria destas axudas inclúe este ano novos criterios para primar proxectos de xestión compartida e incentivar a fusión municipal. Así, a puntuación final das solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local incrementarase ata un 30 por cento en función do número de concellos asociados ou da poboación destinataria das obras ou servizos. Terase en conta tamén a presentación dunha memoria de aforro de custos respecto da prestación de modo individual.

Así mesmo, no suposto dunha entidade resultante dunha fusión de concellos, a súa puntuación final poderá incrementarse nun 35 por cento.

Ademais, e, ao igual que o ano pasado, primarase a aqueles concellos que teñan unha media de paro rexistrado no ano 2012 inferior a 500 persoas no seu ámbito territorial que se agrupen para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local. Neste caso increméntase a contía máxima da axuda. Cabe tamén a posibilidade de solicitar as subvencións de maneira individual.




# Traballo destina un millón de euros á contratación de 38 axentes de emprego para a inserción de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión

Santiago, 18 de outubro de 2013.- A Consellería de Traballo e Benestar destinará un millón de euros para contratar ou prorrogar a contratación duns 38 axentes de emprego que traballan a favor da inserción das persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social.

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica esta liña de axudas destinada ao fomento do emprego e complementaria á dos axentes de emprego de desenvolvemento local nas entidades locais, constituíndo ambos a Rede de técnicos de emprego de Galicia, como infraestrutura especializada na promoción do emprego, adquirindo precisamente o seu maior potencial, grazas á súa distribución por todo o territorio da Comunidade autónoma.

O seu labor céntrase en contribuír á promoción e implantación de políticas activas de emprego, relacionadas fundamentalmente coa creación de emprego e actividade empresarial entre as persoas desempregadas con especiais dificultades de inserción laboral.

As axudas están destinadas ao financiamento de accións de fomento de emprego en colaboración con entidades sen ánimo de lucro prestadoras de servizos sociais, principalmente as vinculadas ao eido da discapacidade e exclusión social. Os interesados en optar a esta liña de axudas contan cun mes de prazo para presentar as súas solicitudes.

O Goberno galego está a apoiar os colectivos con maiores dificultades de inserción laboral. Queda deste xeito garantido o compromiso asumido pola Xunta de Galicia de manter todas as axudas para medidas de políticas activas de emprego, especialmente con aqueles colectivos máis necesitados de protección e con maiores dificultades de inserción.










# Galicia rexistrou en outubro un total de 268.225 persoas desempregadas

**Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2013.-** Outubro rematou en Galicia con 268.225 persoas desempregadas, o que supón un incremento de 7.492 persoas en termos absolutos con respecto ao mes anterior, que se traduce nunha subida do 2,87 % en termos relativos.

A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz López, cualificou estas cifras de "negativas" e lembrou que os meses de outubro son "tradicionalmente complicados" en Galicia, "mesmo en épocas de bonanza".

Con todo, destacou que o incremento rexistrado neste mes de outubro é o máis moderado en termos relativos desde 1998, e se se computa en termos absolutos, o menor desde 2007.

Xa, no que se refire á evolución interanual, a responsable autonómica fixo fincapé en que este é o cuarto mes consecutivo no que se sitúa por debaixo do 1 por cento. Así, a interanual rexistrada en Galicia foi do 0,15 por cento (+413 persoas). "Isto é, o aumento porcentual de outubro do ano pasado a este outubro foi practicamente de cero", resaltou Díaz. Esta é, ademais, a mellor interanual dun mes de outubro desde 2007.

A directora xeral salientou, ademais, que no que vai de ano o desemprego en Galicia acumula un descenso de 10.562 persoas. Polo que respecta ao Estado, o paro aumenta nun 1,84 por cento, o que se traduce en 87.028 persoas ata situarse nos 4.811.383 parados.

Se se analiza o desemprego en Galicia por sectores, obsérvase que o sector servizos acumula practicamente o 80 por cento do aumento rexistrado este mes, con 6.022 parados máis. A continuación sitúase a agricultura e a pesca (+1.121); a industria (+601); e o colectivo sen emprego anterior (+37). Pola súa banda, o número de parados baixa na construción (-289).

Por provincias, o paro incrementouse en todas, rexistrando Pontevedra o maior número (+4.262), seguida pola Coruña (+1.769), Lugo (+746) e, por último, Ourense (+715).

No mes de outubro rexistráronse en Galicia un total de 73.423 contratos, 4.322 contratos máis que no mes anterior; deste total, 5.563 foron indefinidos e 67.860 temporais.




| | Parados mes | Variación relativa mes anterior |
|---|---|---|
| Melilla | 13.475 | -1,74 |
| Valencia | 569.947 | -0,66 |
| Canarias | 284.309 | 0,08 |
| Estremadura | 148.709 | 0,69 |
| A Rioxa | 26.101 | 0,72 |
| Ceuta | 13.356 | 0,91 |
| Madrid | 552.758 | 0,92 |
| País Vasco | 178.267 | 1,01 |
| Navarra | 50.922 | 1,02 |
| Murcia | 153.347 | 1,24 |
| Asturias | 103.290 | 1,34 |
| Andalucía | 1.069.011 | 1,86 |
| Cataluña | 633.832 | 2,08 |
| Castela e León | 239.596 | 2,48 |
| Galicia | 268.225 | 2,87 |
| Aragón | 114.040 | 3,42 |
| Cantabria | 54.678 | 5,42 |
| Castela-A Mancha | 255.034 | 6,89 |
| Illes Balears | 82.486 | 13,93 |
| **TOTAL** | **4.811.383** | **1,84** |



# Traballo mantén a pesca como un sector prioritario no ámbito das actuacións de prevención de riscos laborais

- O director xeral de Traballo e Economía Social, Odilo Martiñá, clausurou en Vigo unha xornada sobre a situación da prevención de riscos laborais e seguridade no sector da pesca en Galicia
- O esforzo levado a cabo polo departamento autonómico na prevención de riscos laborais ten permitido unha redución dos accidentes laborais rexistrados en Galicia nos últimos catro anos do 53%

**Vigo, 14 de outubro de 2013**.- A Consellería de Traballo e Benestar mantén a pesca como un sector prioritario no ámbito das actuacións de prevención de riscos laborais, tendo en conta que se trata dun dos principais axentes da economía galega e no que os seus traballadores se atopan expostos a unhas condicións especiais de traballo.

O director xeral de Traballo e Economía Social, Odilo Martiñá, clausurou en Vigo unha xornada sobre a situación da prevención de riscos laborais e seguridade no sector da pesca en Galicia, organizada por Fundamar e financiada pola Consellería de Traballo e Benestar.

Na súa intervención, indicou que as ditas condicións especiais fan que o sector da pesca sexa considerado como prioritario no ámbito das actuacións de prevención de riscos laborais con actuacións por parte do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) como a Guía de vixilancia da saúde no sector pesqueiro, a prevención de riscos na pesca, o estudo epidemiolóxico e a guía de boas prácticas do marisqueo a pé, entre outras.

O esforzo levado a cabo polo departamento autonómico na prevención de riscos laborais ten permitido unha redución dos accidentes laborais rexistrados en Galicia nos últimos catro anos do 53%, unha cifra que marca un descenso sostido desde 2007 e co que se cumpre o obxectivo de redución dun 25% marcado na estratexia comunitaria, que en Galicia acada o 33,28%.

No ano 2012 o total dos accidentes laborais descendeu nun 24% respecto ao ano anterior e fíxoo en todos os sectores. Non obstante, o obxectivo é reducir a cero esas cifras, polo que a seguridade e a saúde laboral "ten que continuar a ser un obxectivo prioritario". De feito, Martiñá incidiu en que "as políticas activas de prevención reducen os custos de absentismo e de compensación de danos e aumentan a motivación dos traballadores, polo que son fundamentais para a mellora da produtividade e da competitividade".

O director xeral apuntou que desde a Xunta, a través do ISSGA, se presta todo o asesoramento técnico, formación e información respecto ás novidades normativas e técnicas de especial interese no eido da prevención, ademais do obrigado seguimento e control nos centros de traballo.

# A sinistralidade laboral diminúe en Galicia nun 7,34% entre os meses de xaneiro e setembro

**Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2013**.- A sinistralidade laboral diminuíu un 7,34% nos nove primeiros meses do ano, cun total de 16.327 accidentes laborais fronte aos 17.620 rexistrados no mesmo período do ano 2012.

Este descenso dos accidentes laborais produciuse en todas as provincias agás en Lugo, no que aumentaron nun 0,28%. Diminuíron nunha porcentaxe do 4,85% en Ourense, do 8,14% na Coruña, e do 9,31% en Pontevedra.

Pola súa banda, no mes de setembro, o total dos accidentes laborais en xornada laboral rexistrados en Galicia aumentou un 4,80%. Neste mes rexistráronse 1.943 accidentes fronte aos 1.854 que houbo no mesmo mes do ano anterior.

Do total dos accidentes, 1.905 foron accidentes leves, 35 graves e 3 mortais.

Diminuíron os accidentes na construción nun 12,27% e na pesca nun 4,49%. Aumentaron na industria nun 2,43%, nos servizos nun 8,83% e na agricultura nun 40,91%.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral, utilízase o índice de incidencia, que compara o número de accidentes co número de traballadores coas continxencias profesionais cubertas.

O índice de incidencia do total dos accidentes en xornada laboral en Galicia aumentou un 4,61% en setembro deste ano respecto ao mesmo mes do ano anterior. Agás na construción, que diminuíu nun 2,11%, houbo un incremento nos demais sectores: na pesca nun 0,62%; nos servizos nun 5,52%; na industria nun 6,96%; e na agricultura nun 50,01%.

**http://issga.xunta.es/portal/contido/observatorio/estatisticas/accidentes/norma_0004.html**




# Traballo participa nun programa para a integración laboral de persoas con discapacidade intelectual e enfermidade mental en Galicia

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, formalizou un protocolo de colaboración nesta materia, enmarcado no programa 'Xuntos somos capaces', coa Fundación Mapfre, a CEG, FADMGA-FEAPS Galicia, FEAFES Galicia e Down Galicia
- O obxectivo pasa por establecer un marco que permita poñer en marcha programas de formación, emprego con apoio e inserción laboral destes colectivos
- As accións céntranse na prospección de empresas para sensibilizalas sobre inserción, a xestión de ofertas e demandas de emprego coas entidades sociais, e a posta en marcha de 15 proxectos de emprego con apoio, tanto para o sector público como o privado
- Este acordo, que terá vixencia anual, complétase coa celebración de dous almorzos empresariais cunhas 10 empresas dos sectores preseleccionados como prioritarios para a inserción de persoas coas ditas discapacidades



**Santiago, 17 de outubro de 2013**.- A Consellería de Traballo e Benestar, Fundación Mapfre, a Confederación de empresarios de Galicia (CEG), a Federación de asociacións en favor das persoas con discapacidade intelectual de Galicia (FADMGA-FEAPS), a Federación galega de asociacións de familiares e persoas con enfermidade mental de Galicia (FEAFES), e a Federación galega de institucións para o síndrome de Down (DOWN Galicia) traballarán no desenvolvemento de accións de inserción de emprego con apoio para as persoas con discapacidade intelectual e enfermidade mental en Galicia.

Estas entidades asinaron un protocolo de colaboración neste sentido. A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, explicou que o obxectivo pasa por establecer un marco xeral de colaboración entre as partes que lles permita levar a cabo conxuntamente actividades específicas para poñer en marcha programas de formación, emprego con apoio e inserción laboral destes colectivos.

As accións que derivan deste acordo céntranse en xestionar coas entidades sociais adheridas ao programa 'Xuntos somos capaces' da Fundación Mapfre, que representan as persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental de Galicia, a prospección de empresas para sensibilizalas sobre a inserción, a xestión de ofertas e demandas de emprego coas entidades sociais, e a posta en marcha de 15 proxectos de emprego con apoio, tanto para o sector público como o privado.

Esta colaboración, que terá vixencia anual, complétase coa celebración de dous almorzos empresariais cunhas 10 empresas dos sectores preseleccionados como prioritarios para a inserción de persoas coas ditas discapacidades.





BITeB


# A Xunta asina un protocolo con 7 entidades financeiras para a prevención de desafiuzamentos no marco do programa 'Reconduce'

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e a de Facenda, Elena Muñoz, asinaron este acordo
- O obxectivo do Reconduce é evitar que se produzan procesos de execución hipotecaria, a través principalmente do asesoramento xurídico e económico-financeiro
- Traballarase coas familias e as entidades financeiras na procura de acordos de reestruturación da débeda, e manterase un proceso de comunicación e seguimento continuo destes casos

http://benestar.xunta.es/web/portal/planseprogramas?p_p_id=ipecos_opencms_

Programa RECONDUCE

**Santiago, 7 de outubro de 2013.-** O Goberno galego asinou un protocolo de colaboración con sete entidades financeiras no marco do programa Reconduce, unha iniciativa posta en marcha pola Xunta que ten como principal obxectivo previr os desafiuzamentos.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e a de Facenda, Elena Muñoz, asinaron este acordo, ao que se sumaron o Banco Pastor, Caixa Rural Galega, Banco Etcheverría, Banco Caixa Geral, Novagalicia Banco, Banco Popular e Bankinter.

O programa Reconduce busca paliar unha das consecuencias máis graves da crise económica: a perda da vivenda por parte das familias, unha situación que require dunha resposta coordinada e transversal, tanto por parte da Xunta como de todos os axentes implicados. Por iso, asínase este acordo coas entidades financeiras e outro coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

O obxectivo prioritario desta ferramenta é evitar que se produza a apertura de procesos de execución hipotecaria de vivenda habitual, isto é, ten un carácter fundamentalmente preventivo. Para traballar nesta liña, a principal ferramenta vai ser o asesoramento xurídico e económico-financeiro que se lle vai prestar ás familias.

Deste xeito, desde o programa traballarase coas familias e as entidades financeiras na procura de acordos de reestruturación da débeda que eviten que se chegue á execución hipotecaria. Ademais, as entidades e a Xunta manterán un proceso de comunicación e seguimento constante para evitar os desafiuzamentos en todos aqueles casos posibles.

No marco desta colaboración entre a Xunta e os organismos financeiros desenvolveranse, entre outras, as seguintes medidas: o intercambio de propostas destinadas a mellorar as situacións das familias en situación de insolvencia; o intercambio periódico de información sobre a evolución das situacións de sobreendebedamento familiar; e a contribución á detección das situacións de risco, mediante o aproveitamento da rede de servizos e unidades tanto da Administración como das propias entidades.

Con todo, cabe lembrar que Reconduce tamén vai traballar a prol das familias cun proceso xudicial xa en curso, a quen se lles ofrecerá atención psicosocial, orientación laboral ou a busca dunha vivenda alternativa.

O centro físico do programa será unha oficina situada en Santiago de Compostela, que estará en marcha a partir do 15 de outubro.

A atención estará prestada por profesionais especializados en dereito, economía, traballo social, e psicoloxía.

**Marco de colaboración**

Reconduce é un programa que complementa o convenio de colaboración que, de forma pioneira, asinaron o pasado mes de abril Xunta de Galicia, o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Fegamp.

Este acordo persegue a adopción rápida e coordinada de medidas para atender as familias obxecto dun desafiuzamento. En virtude deste convenio, o xuíz pode suspender a execución do desafiuzamento durante dez días para permitir que os servizos sociais poñan en marcha medidas de protección social, como pode ser a activación de prestacións económicas, a protección dos menores, ou o realoxo nunha vivenda alternativa. Ata o momento, no marco deste protocolo, na Consellería de Traballo e Benestar estase prestando atención a 12 casos.




# A Xunta destinará 8 millóns á planificación tecnolóxica dos servizos sociais públicos, co obxectivo de contar cunha historia social única e compatible coa sanitaria

- O presidente autonómico destaca que esta iniciativa permitirá un aforro estimado duns 30 millóns cada ano, nos servizos sanitarios; e de 4 millóns de aforro cada ano, nos servizos sociais
- Un dos eixos clave deste plan será a creación dun sistema integrado de intercambio de información entre os sistemas sociosanitarios e as administracións local e autonómica
- Feijóo salienta, tamén, a modificación do decreto que regula o uso e acceso á historia clínica electrónica, co obxectivo de que antes de fin de ano todos os centros sociosanitarios públicos que dispoñan de persoal sanitario estean xa accedendo e escribindo toda a información clínica dos pacientes na historia clínica electrónica

**Santiago, 24 de outubro de 2013.-** O responsable do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, avanzou que a Xunta destinará 8 millóns de euros á planificación tecnolóxica dos servizos sociais públicos, con tres obxectivos fundamentais: facer realidade a aspiración dunha historia social única para cada usuario, que poida cruzarse coa historia clínica electrónica e que, deste xeito, permita en consecuencia unha necesaria coordinación -cada vez con máis intensidade- entre o Servizo Galego de Saúde e os servizos sociais; mellorar os servizos que se lles dan aos usuarios dos dispositivos asistenciais, tanto para acceder a eles como para diminuír os trámites e ampliar a oferta; e captar máis financiamento europeo, xa que o Fondo Social Europeo para o período 2014-2020, financiará os gastos por indicadores de persoas atendidas.

No tocante ao aforro, Feijóo destacou que esta iniciativa permitirá un aforro estimado duns 30 millóns de euros cada ano, nos servizos sanitarios; e de 4 millóns de euros de aforro cada ano, nos servizos sociais. "E busca, por suposto, un maior desenvolvemento de Galicia neste eido, buscando ser un referente nacional no que se refire a coordinación sociosanitaria, a coordinación entre os servizos sociais e os servizos sanitarios", engadiu.

"En definitiva, impulsamos o Plan Trabe que destinará 8 millóns de euros á planificación tecnolóxica dos servizos sociais públicos para garantir a sostenibilidade do sistema; incrementar a súa capacidade para dar cobertura a unha demanda que está en aumento; e modernizar a xestión para reducir tarefas administrativas e prazos de tramitación", dixo o presidente da Xunta.

Unha das claves do Plan é a creación dun sistema integrado de intercambio de información entre os sistemas sociosanitarios e as administracións local e autonómica. "É dicir, que o traballo social que se fai nun concello, teña unha relación directa e unha información compartida cos servizos sociais que se fan nas deputacións e, sobre todo, na Xunta. Atópase dispoñible para todos os axentes implicados con toda a información relevante e é un paso imprescindible para esa historia social única dos usuarios que poderá integrarse na historia clínica".

Outro dos eixos do Plan é a modernización da xestión dos centros asistenciais, orientándoos cara a unha especialización en coidados de larga duración evitando, no posible, as estancias en hospitais. Esta medida irá acompañada da implantación dunha plataforma de teleasistencia social que favoreza o autocoidado preventivo no fogar.

Para acadar estes obxectivos a plataforma prevé servizos como a monitorización do usuario en tempo real, aplicacións de rehabilitación sensorial a través de smart TV ou tablets e servizos de seguimento e localización de persoas con risco de extravío.

A implantación destas solucións tecnolóxicas na xestión dos servizos sociais será clave para maximizar a eficacia do sistema e conseguir maior accesibilidade, menos tempo de espera e máis coordinación.

Con esta finalidade, crearanse ou melloraranse as ferramentas empregadas polos profesionais para a xestión da información e impulsarase a presentación de documentación en formato electrónico, así como as notificacións telemáticas en lugar de empregar o correo ordinario.

Modificación do decreto que regula o uso e acceso á historia clínica electrónica

Así mesmo, e no eido de mellorar cualitativamente os servizos sociais, o titular da Xunta destacou a modificación do decreto que regula o uso e acceso á historia clínica electrónica, con tres cambios salientables: auméntase a capacidade de actuación da Administración sanitaria para a protección da saúde pública, ao permitir o acceso á historia clínica electrónica por razóns epidemiolóxicas ou de protección da saúde pública; recóllese a actualización legal que obriga a que se facilite a historia clínica electrónica completa cando o demande unha autoridade xudicial; e, desde os centros sociosanitarios públicos poderase acceder, por primeira vez, á historia clínica sanitaria dun galego ou galega.

Deste xeito, os profesionais sanitarios que desenvolven o seu labor nas residencias da terceira idade terán acceso á historia dos pacientes que residen ou están ingresados neses centros. Recoñecéndolles, así, a posibilidade de rexistrar as actividades nos apartados correspondentes aos aspectos sociais e sociosanitarios.

"En consecuencia será a primeira vez na historia do Servizo Galego de Saúde e dos servizos sociais de Galicia, que un médico de primaria ou un médico de hospital -que xa teñen unha historia clínica compartida- compartan toda esa información cun médico que presta servizos nunha residencia da terceira idade".

Grazas a esta decisión, garántese o continuo asistencial para este colectivo de pacientes, que con carácter xeral son especialmente vulnerables. Este sistema ensaiouse de xeito pioneiro na residencia compostelá de Volta do Castro; e o obxectivo é que antes de fin de ano todos os centros sociosanitarios públicos que dispoñan de persoal sanitario estean xa accedendo e escribindo toda a información clínica dos pacientes na historia clínica electrónica.

http://imit.xunta.es/portal/

iMit Iniciativas de Modernización e Innovación Tecnolóxica

# Feijóo anuncia que o vindeiro mes de novembro a Xunta presentará a Estratexia de familias numerosas, que recollerá novas axudas económicas para este colectivo

- Avanza que a estratexia blindará as distintas prestacións das que xa se viñan beneficiando ata o de agora as familias numerosas, como exencións e descontos nos prezos das matrículas universitarias, nas tarifas de transporte interurbano ou nas actividades de lecer e campamentos organizados pola Xunta
- Apunta que, actualmente, 19.523 familias en Galicia teñen recoñecida a categoría de familia numerosa e que só no pasado ano se tramitaron un total de 7.885 títulos acreditativos, dos cales 1.885 foron para familias que o solicitaban por primeira vez
- Adianta que o Goberno galego ampliará a catro anos a vixencia do título de familia numerosa, salvo nos supostos especiais, para evitar a burocracia que supón a súa renovación cada dous anos
- Resalta que os orzamentos de 2014 dan proba do compromiso da Xunta coas familias e os servizos sociais porque permitirán, entre outras medidas, que o vindeiro ano se incremente ata os 360 euros a dedución fiscal para familias con fillos menores de tres anos; ou que aquelas con rendas inferiores a 30.000 euros queden exentas de pagar a escola infantil a partir do segundo fillo que teñan inscrito nun centro da rede Galiña Azul



O titular da Xunta presidiu a inauguración do VII Congreso Galego de Familias Numerosas e a entrega dos premios AGAFAN 2013



**A Coruña, 19 de outubro de 2013.-** O presidente da Xunta, Alberto Núñez, anunciou que o Goberno galego está ultimando a Estratexia de familias numerosas que presentará ao Consello o vindeiro mes de novembro e que recollerá novas axudas económicas para este colectivo. Así o adiantou na inauguración na Coruña do VII Congreso de Familias Numerosas.

O mandatario galego avanzou, que ademais dos beneficios fiscais aos que poderán acollerse este tipo de familias, a estratexia blindará as prestacións das que xa se viñan beneficiando ata o de agora. Entre elas, as exencións e reducións de prezos de matrícula nas ensinanzas universitarias, dun 100 por cento para as familias numerosas de categoría especial e dun 50 por cento para as de categoría xeral. Tamén, descontos nas tarifas de ferrocarril e de transporte interurbano de viaxeiros, con reducións de entre o 20 e o 50 por cento; así como nas actividades de lecer e campamentos de verán organizados pola Dirección Xeral de Xuventude.

Feijóo apuntou que, actualmente, 19.523 familias en Galicia teñen recoñecida a categoría de familia numerosa e que só no pasado ano se tramitaron un total de 7.885 títulos acreditativos, dos cales 1.885 foron para familias que o solicitaban por primeira vez. Nesta liña, avanzou que a Xunta ampliará a catro anos a vixencia do título de familia numerosa, salvo nos supostos especiais, para evitar a burocracia que supón a súa renovación cada dous anos.

### As familias, no centro da política social da Xunta

O presidente galego manifestou que a Xunta quere facer da axuda ás familias "un dos puntos cardinais" da súa política social, como así constatan os orzamentos para o vindeiro ano 2014, que consignarán case oito de cada 10 euros a ampliar a cobertura dos servizos públicos, practicamente o total dos recursos.

As contas do vindeiro exercicio dan proba deste compromiso porque, segundo destacou Feijóo, permitirán que o vindeiro ano se incremente ata os 360 euros a dedución fiscal para familias con fillos menores de tres anos; unha medida que, avanzou, en 2015 e 2016 a Xunta prevé ir aumentando progresivamente para o segundo e terceiro fillo, ata os 450 euros.

